



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 16 DE NOVEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de novembro de dous mil quince; as once e media da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín.- Non asiste Dona Maria López Touza.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de novembro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO

Visto o escrito presentado por **Dona Rosa Lois Pérez, na representación da Comunidade de Herdeiros de Don Gumersindo Lois Alvarez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 67, 4ºD, Ribadavia, no que solicita autorización para utilización do nicho nº 4 do cemiterio municipal así como que a partir da data do acordo se lle xiren os correspondentes recibos.

A Xunta de Goberno Local vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a concesión do dereito do aproveitamento funerario sobre o nicho núm. 4 do cemeterio municipal a nome de Comunidade de Herdeiros de Don Gumersindo Lois Alvarez, que deberá cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.
3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemeterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha, nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemeterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemeterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario



outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desaloxar.

5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, achegando informe denuncia por suposta infracción da Lei de Protección de animais domésticos por carecer de inscrición no rexistro municipal.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN 1ª FINAL DA OBRA DENOMINADA “REFORMA DAS INFRAESTRUCTURAS DA PRAZA DE ABASTOS II FASE ”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación 1ª Final da obra denominada “Reforma das Infraestructuras da Praza de Abastos II Fase”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Miguel Angel Pérez Marquina, executado pola empresa Construcciones Lemos Martínez S.L., por un importe total de 106.012,15 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación 1ª Final, anteriormente indicada por importe de 106.012,15 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Consellería de Economía e Industria e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Lemos Martínez S.L.. co nºFE41/2015, de data 13.11.2015, pola mesma cantidade.

OBRA DENOMINADA “REFORMA DAS INFRAESTRUCTURAS DA PRAZA DE ABASTOS II FASE ”.-

En relación coa obra denominada “Reforma das Infraestructuras da Praza de Abastos II Fase”, obra subvencionada por esa Consellería, o abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para subvencións a Concellos de Galicia para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, núm. expediente: IN223A 2015/10-3, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Que se cumpriu a finalidade para o cal foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos destinados para tal efectos.



2º.- Que se deu cumprimento a normativa de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación da referida obra.

APROBACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes procede a aprobar a Normativa pola que se regula a convocatoria e elaboración das listas para a provisión temporal de postos de traballos de Auxiliar de Axuda no Fogar no Concello de Ribadavia.

Prazo de presentación de solicitudes: 20 días naturais seguintes contados dende a publicación desta normativa no BOP e poderanse formular perante o Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia.

As solicitudes presentaranse de conformidade co disposto nas Bases no Rexistro Xeral do Concello.

Bases da Convocatoria: Poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, en horario de oficina, durante o prazo de presentación de solicitudes.

Prazas ofertadas: As previstas nas bases da convocatoria.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº10/15.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº10/15, por importe de 18.750 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

EXPEDIENTE DE CONCESION DE CREDITOS EXTRAORDINARIOS POR TRANSFERENCIAS DE CREDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL Nº4/15.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 4/2015, por tranferencias de créditos relativas o Capítulo I do vixente Orzamento municipal, por importe de 74.541,05 euros.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia